



POLÍTICA DE CADEA DE CUSTODIA

En MADERAS ORNANDA, S.A a nosa intención é promocionar a Xestión Forestal Sostible, de tal xeito que poidamos contribuir a manter e aumentar as masas forestais, de tal xeito que poidamos entregar ás futuras xeracións o legado que a nós nos deixaron.

Dende a Dirección de MADERAS ORNANDA, S.A tomaranse todas as medidas posibles para garantir que a madeira coa que traballe non proceda de talas ilegais ou de outras fontes conflictivas, é dicir, que esa materia prima non sexa adquirida por esta empresa.


Se queda demostrado que esta empresa recibiu madeira de tales fontes, actuaremos inmediatamente tomando medidas que incluírán a cancelación de compras futuras a calquera proveedor que nos teña suministrado madeira sospeitosa, procedente de ditas fontes conflictivas.

A organización comprométese a:

- Non impedir aos traballadores asociarse libremente, elixir aos seus representantes e cumprir có dereito á negociación colectiva.
- Non facer uso do traballo forzoso
- Non utilizar man de obra/traballadores por debaixo da idade mínima legal dos 15 anos ou da idade de escolarización obrigatoria, se esta fose maior.
- Cumprir a igualdade de oportunidades de emprego e trato de todos os seus traballadores
- Cumprir coa lexislación referida a seguridade e saúde laboral en todos os ámbitos da súa empresa.
- Cumprir coa lexislación e reglamentación aplicable, relacionada coa Xestión Forestal Sostible e, en particular coa Cadea de Custodia, asegurando a implantación, o cumprimento e o mantemento dos requisitos da normativa de Cadea de Custodia do Documento Normativo do PEFC, Cadea de Custodia de Productos Forestais en vigor

En Porto do Son, a 7 de agosto do 2022




Fdo. O Xerente